

| | |
|------------|---|
| EXPEDIENTE | 2024027993 |
| ASUNTO | Contrato de servizo de asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación tributaria en materia de taxas e outros tributos |
| TRÁMITE | PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS |

1.- OBXECTO DO CONTRATO.-

É obxecto do presente prego establecer as especificacións que rexeran o contrato de servizo de asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material en materia de comprobación tributaria de taxas e outros tributos delegados na Deputación de Pontevedra.

Quedan excluídas do obxecto do contrato todas aquelas actuacións que impliquen exercicio de autoridade ao amparo do disposto nos artigos 60 e 61 do *Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos*, que serán realizadas en todo momento polo Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores. A Deputación de Pontevedra non substituirá á adxudicataria do contrato no exercicio das súas facultades respecto dos traballadores. As instrucións relativas á execución do contrato cursaranse á persoa responsable da empresa para que proceda ao cumprimento do contrato nos seus estritos termos. O persoal adaptárase en canto ao seu horario, xornada e demais circunstancias relativas ao seu traballo, ás regras propias da súa empresa. En ningún caso a Deputación poñerá a disposición do empresario, ou do seu persoal, medios necesarios para a execución do contrato. A empresa non poderá asumir en ningún caso as facultades correspondentes ao persoal funcionario segundo o art. 142 da LXT.

2.- CONTIDO DAS ACTUACIÓNS ,PROCEDEMENTOS E METODOLOXÍA A SEGUIR.

O Servizo de Inspección e procedementos sancionadores, en función da planificación da súa actividade e das necesidades detectadas, asignará as cargas de traballo á adxudicataria. A asignación poderá consistir en executar unicamente unha parte dos traballos descritos, ou de varias partes, individualmente ou unha a continuación da outra, segundo se indique en cada caso.

Os traballos a executar realizaranse segundo as indicacións do Servizo de Inspección e procedementos sancionadores e poderán consistir en:

Parte A) Traballos de investigación para a referenciación de obxectos tributarios de taxas incluídos no padrón fiscal existente e elaboración de fichas censuais

A.1 Traballos de investigación para a referenciación de obxectos tributarios de taxas incluídos no padrón fiscal existente como resultado do cruce de información

A partir da información proporcionada polo ORAL-Deputación de Pontevedra relizarase un estudo para detectar aquelas unidades do padrón de taxas que non contan con referencia catastral asignada. Naqueles casos nos que se cumpran os criterios establecidos previamente polo ORAL-Deputación de Pontevedra, asignarase a referencia sen necesidade de elaborar ficha censual.

Os datos obtidos, serán validados polo Servizo de Inspección e Procedementos



Sancionadores con carácter previo á súa incorporación a cada obxecto tributario. No caso de que se advirtan erros ou deficiencias na información entregada non procederá a súa validación e devolverase o traballo que deberá ser corrixido no prazo máximo de 15 días hábiles, salvo que por circunstancias excepcionais se requira un prazo menor.

Os restantes casos, nos que non sexa posible obter a referencia catastral cun cruce informático, comunicaranse á persoa responsable do contrato para que, se procede, os inclúa de xeito expreso nunha nova carga de traballo para que sexa obxecto dos traballos establecidos no apartado seguinte.

A.2 Traballo de investigación para a referenciación e a elaboración de fichas censuais sen proposta de alta, baixa ou variación da taxa, derivadas da referenciación dos padróns fiscais existentes, é dicir, sempre que non dean lugar a proposta de alta, non supoñan variación do importe da taxa, nin da tarifa aplicable.

Inclúese neste apartado a elaboración de fichas censuais sobre obxectos tributarios referenciados dos que se requira completar a restante información contida na mesma.

Entenderase incluído neste apartado a elaboración dunha ficha censual que resulte necesaria pola variación do importe da taxa por modificación ou nova aprobación da Ordenanza fiscal correspondente.

Será preciso, como mínimo, realizar de xeito adecuado os seguintes pasos:

1. Deberán realizarse visitas de campo para a finalidade de elaborar a ficha censual completa, tanto aos inmobles que carezan de referencia catastral no padrón da taxa, como aqueles que, aínda tendo dita referencia catastral asignada, ésta puidera ser errónea ou atoparse desactualizada (de baixa) por diversas circunstancias ou naqueles casos nos que constando referencia correcta se solicite ficha censual para actualizar os restantes campos da ficha censual.
2. Asignación das referencias catastrais correctas a todos aqueles inmobles que carezan de ela, ou corrección da existente nos casos de referencias catastrais con erros ou desactualizadas.
3. Elaboración da ficha censual (segundo o disposto na cláusula 3 deste prego) de cada un dos rexistros
4. Elaboración dunha base de datos do padrón da taxa actualizado, referenciado e con todos os datos especificados na cláusula 3 do presente prego así como aqueles outros que poidan requirirse segundo o caso

As fichas censuais elaboradas e a base de datos serán validadas coa emisión dun informe favorable por parte do Servizo de Inspección e procedementos sancionadores. No caso de que se advirtan erros ou deficiencias na información entregada non procederá a súa validación e devolverase o traballo que deberá ser corrixido no prazo máximo de 15 días hábiles, salvo que por circunstancias excepcionais se requira un prazo menor.

Parte B) Traballos de investigación e detección de feitos impondibles suxeitos a taxa

B.1) Traballos de investigación e detección de todos os feitos impondibles suxeitos á taxa que non figuren no padrón e que deriven en alta censual.

Elaborarase unha ficha censual por cada alta proposta así como



os documentos ou actuacións adicionais que desas fichas se deriven.

Cada feito impoñible suxeito á taxa que non estea tributando na mesma, deberá facerse constar nunha ficha censual, que deberá axustarse ao modelo facilitado polo Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores, e contará, como mínimo, cos datos enumerados na cláusula 3 do presente prego.

A adxudicataria deberá entregar, así mesmo, unha base de datos das altas propostas, finalizados os traballos de campo, da taxa correspondente con todos os campos necesarios sinalados na cláusula 3 deste prego, para que por parte do Servizo de Inspección e procedementos Sancionadores se proceda á emisión dun informe favorable para a validación de ditas altas, no que tamén se validarán as fichas censuais resultantes de aquela.

B.2) Traballos de investigación e detección dos feitos impoñibles suxeitos á taxa que poidan derivar en baixa ou variación de concretos obxectos tributarios.

Elaborarase unha ficha censual (por cada baixa ou variación proposta no padrón fiscal por variación do importe da taxa que non derive da modificación da ordenanza fiscal correspondente ou variación da tarifa aplicable) e emitiranse os informes oportunos nos caso en que da investigación resulte necesaria a variación ou baixa de concretos obxectos tributarios

Así mesmo realizaranse as actuacións materiais necesarias para a variación ou baixa de concretos obxectos tributarios das taxas.

Para a execución dos traballos descritos nos apartados anteriores (B1 e B2), a adxudicataria, unha vez validadas ditas altas, baixas e variacións e as fichas censuais, segundo as indicacións do Servizo de Inspección e procedementos sancionadores, colaborará na realización daquelas actuacións de carácter exclusivamente material que lle foran encomendadas como consecuencia das eventuais altas, baixas e variacións a que dean lugar os traballos executados, tales como a colaboración na elaboración de comunicacións dirixidas a realizarse no marco dun expediente de comprobación e investigación, a colaboración na elaboración de informes con proposta de resolución ou na inserción de documentos e datos revisados e validados polo Servizo de Inspección e procedementos sancionadores nos expedientes individuais. Todos estes traballos executaranse sempre baixo as instrucións e supervisión do Servizo de Inspección e procedementos sancionadores, co fin de que o persoal funcionario inspector poida realizar os trámites administrativos formais de incoación-proposta con trámite de audiencia e posterior resolución do procedemento de comprobación tributaria, así como a resolución de alegación e recursos que corresponda. Os traballos executaranse sempre dentro do prazo máximo fixado legalmente para a tramitación do correspondente expediente..

Só serán obxecto de pagamento aqueles traballos executados conforme a este apartado que cumplan os requisitos establecidos no PCA.

Así mesmo, a adxudicataria deberá remitir á Deputación de Pontevedra-ORAL, no prazo de 5 días hábiles, calquera informe adicional que lle solicite o Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores en relación aos traballos realizados (indicados nos apartados A e B) . Deberán, para elo, realizar as visitas de campo que foran necesarias para acreditar punto por punto os extremos para os cales se solicita informe polo Servizo.



As fichas censuais e as bases de datos elaboradas deberán ser obxecto de validación polo Servizo de Inspección e procedementos sancionadores con carácter previo á súa incorporación a calquera expediente administrativo. No caso de que se advirtan erros ou deficiencias na información entregada non procederá a súa validación e devolverase o traballo que deberá ser corrixido no prazo máximo de 15 días hábiles, salvo que por circunstancias excepcionais se requira un prazo menor.

Parte C) Colaboración noutros expedientes de comprobación tributaria que para a regularización de calquera tributo lle sexan encomendados pola Deputación de Pontevedra-ORAL

A requirimento do Servizo de Inspección e procedementos sancionadores realizaranse actuacións de carácter exclusivamente material tales como a colaboración na elaboración de comunicacións dirixidas a realizarse no marco dun expediente de comprobación e investigación, a colaboración na elaboración de informes con proposta de resolución ou na inserción de documentos e datos revisados e validados polo Servizo de Inspección e procedementos sancionadores nos expedientes individuais; sempre baixo as instrucións e supervisión do Servizo de Inspección e procedementos sancionadores, co fin de que o persoal funcionario inspector poida realizar os trámites administrativos formais de incoación-proposta con trámite de audiencia e posterior resolución do procedemento de comprobación tributaria, así como a resolución de alegacións e recursos que corresponda. Os traballos executaranse sempre dentro do prazo máximo fixado legalmente para a tramitación do correspondente expediente.

So serán obxecto de pagamento aqueles traballos executados conforme a este apartado que cumpran os requisitos establecidos no PCA

3.- PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS REALIZADOS (OBRIGA ESENCIAL DO CONTRATO):

Para cada unha das partes dos traballos encomendados, o contratista deberá presentar:

1. Base de datos do padrón de taxa correspondente (A1)

Partindo das bases de datos correspondentes postas a disposición da persoa adxudicataria polo ORAL-Deputación de Pontevedra correspondentes ao Padróns existentes, deberase completar coa información relativa as referencias catastrais asignadas.

2. Base de datos (A2, B, C)

As bases de datos elaboradas pola adxudicataria no transcurso da execución do contrato deberán ser entregadas ao Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores en formato Access ou similar.

Os campos necesarios para a entrega en dito formato da base de datos serán, entre outros, os seguintes:

- Número fixo da taxa (excepto altas)
- Concepto tributario (Taxa revisada).
- Concello
- Referencia catastral (datos catastro)
- Cargo duplicado (en caso de máis de un alta para una única RF sen división horizontal, diferenciar por letra (exemplo _A, _B, _C...))
- Número fixo (datos catastro)
- Proposta de tarifa a aplicar segundo ordenanza fiscal en vigor, con indicación dos elementos tributarios que esixa a ordenanza para o cálculo da mesma.
- En casos de uso industrial ou comercial: tipo de negocio e nome comercial,



- superficie e outros elementos tributarios esixidos na OOFF.
- Data de efectos das altas ou variacións.
- Exercicios a liquidar en función da data efectos e prescrición.
- Información adicional

3. **Fichas censuais**

As fichas censuais axustaranse ao modelo entregado pola Deputación de Pontevedra-ORAL.

Entregarase un ficheiro PDF individual por cada unha das fichas censuais identificadas por referencia catastral, e deberá incluír, como mínimo, os campos seguintes:

- Concello da unidade censual revisada.
- Todos os datos relativos ao obxecto tributario, detallando a referencia catastral completa, número fixo do IBI e dirección do obxecto tributario , indicando número de policía e vía, adaptadas á codificación do IBI, cando sexa posible.
- Datos do propietario.
- Número fixo da taxa (excepto altas)
- Datos catastrais da finca, tales como uso e superficie.
- Datos esixidos por cada ordenanza fiscal para a determinación da tarifa aplicar, que sexan requiridos en cada caso, segundo a propia natureza da taxa, polo Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores da Deputación de Pontevedra-ORAL.
- Data de efectos da alta, tendo en conta a data de alteración xurídica ou a data de inicio de actividade, por regra xeral, sen prexuízo de determinadas particularidades que deberán ser analizadas individualizadamente.
- Fotografías (un mínimo de dúas) do inmovible que se propón de alta.
- Referencia xeográfica do inmovible no seu punto de acceso dende a vía pública ou similar en formato SHP (shapefile) con proxección ETRS89 UTM 29N.
- Información adicional

4. **Informes ou documentos adicionais ás fichas censuais.**

Deberanse achegar os traballos requiridos en formato PDF, Word ou en calquera outro formato informático similar en que sexan requiridos polo Servizo de inspección e procedementos sancionadores

Tanto as fichas censuais como os informes e/ou documentos adicionais serán unidos ao correspondente expediente ou expedientes unha vez revisados e validados polo Servizo de Inspección e procedementos sancionadores.

